



demanda interna

O INVESTIMENTO EN construción (público e privado) e o consumo privado foron os compoñentes da demanda interna que máis contribuíron ó crecemento da economía galega no ano 2001, mentres que o investimento en bens de equipamento non presentou un bo comportamento.

Respecto ós indicadores do consumo, analizados na primeira parte do capítulo, cómpre salientalo comportamento da renda familiar bruta dispoñible por habitante e do gasto medio por persoa, que medran un 6,7% e 3,5%, respectivamente, así como a medra da importación de bens de consumo (un 22% respecto ó ano anterior) e a recuperación das matriculacións de automóbiles, que medraron un 0,2% fronte á caída do 5,8% experimentado no ano anterior.

As fontes de información empregadas para a análise do consumo foron o INE, IGE, AENA, ICEX, o Banco de España, Funcas, o

Anuario Económico de España 2002 de La Caixa e a Xunta de Galicia.

No concerne o investimento, o investimento en construción rexistrou un bo comportamento no ano 2001, ó medra-la licitación oficial de tódalas administracións un 32% (a licitación oficial da administración autonómica o fixo nun 45,3%) e o consumo de cemento un 10,1%. Pola contra, o ano 2001 non foi un bo ano para o investimento en bens de equipamento, dada a forte ralentización das importacións de bens de equipo e a caída (aínda que en menor medida que no ano anterior) da matriculación de vehículos de carga.

Trala consideración destes indicadores, estudarase a evolución do investimento estranxeiro (tanto dende o punto de vista da súa distribución por países de orixe, como segundo a súa distribución sectorial). Este rexistrou no ano 2001 un forte crecemento



que fixo que o peso relativo do mesmo no conxunto do estado pase do 0,1% do ano 2000 ó 1,1% do ano 2001. En cifras globais, o investimento estranxeiro experimentou unha medra do 1.319,1% respecto ó ano 2000, para situarse nos 551,2 millóns de euros, mentres que no conxunto estatal este caeu un 28,1%.

O investimento estranxeiro procede fundamentalmente de Francia e o Reino Unido, que acollen, respectivamente, o 22,4% e 62,5% do investimento directo estranxeiro total en Galicia. O subsector intermediación financeira, banca e seguros, con 344,1 millóns de euros, e o subsector de fabricación de vehículos de motor e compoñentes, con 123,2 millóns de euros, son os principais receptores deste investimento, acollendo o 84,8% do total investido en Galicia.

Para a análise do investimento teremos en conta os datos facilitados polo INE, IGE, Oficemen, Seopan, o Banco de España e a Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores do Ministerio de Economía y Hacienda.

Esta análise do investimento complétase co estudio do investimento territorializado das Administracións Públicas recollido no capítulo 5.- Desenvolvemento rexional. O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado de 2000, acadou unha porcentaxe territorializable do 71,3% do total (1,9 puntos máis que no anterior exercicio), mentres o 22,6% figura dentro da modalidade non territorializado e o 6,1% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para 2000, un volume de investimento público real territorializable de 340,8 millóns de euros, o que supón un 5,7% máis que no ano anterior, o 4,5% do total do Estado (**cadro 5.4.3.: *Investimento público***

do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 2000),

A participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes ó investimento civil (presupostos iniciais de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos) ó longo do período 1998-2001, reflicten a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 51,4%; as Deputacións, cun 6,3%; os Concellos, cun 22,4% e o Estado, cun 19,9%.

O último apartado do capítulo dedícase ó Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006. O total de recursos programados ascenden a 39.548 millóns de euros, nos que Galicia participa nun 13,7% (5.408 millóns de euros) –nesta porcentaxe a axuda comunitaria é do 67,5% (3.430 millóns de euros)–. Un 4,16% adicional, en concepto de “reserva de eficacia” (1.645 millóns de euros), asígnase en función dunha serie limitada de indicadores de seguimento de eficacia, de xestión e de execución financeira. A execución do gasto público do P.O.I. de Galicia a 31 de decembro de 2001 foi de 652 millóns de euros, un 45% do programado para o período 2000-01.

Consumo

O **cadro 1.3.1.** reflicte que no ano 2001 se produce unha medra dos diferentes indicadores considerados. Fronte á caída do consumo aparente de gasolina, da ocupación hoteleira e da matriculación de turismos experimentado no ano 2000, no último ano tan só a ocupación hoteleira presenta un leve descenso (-0,2%). No ano 2001 prodúcese unha medra do 3,5% do gasto medio por persoas e unha recuperación das vendas de turismos, que se reflicte na evolución das matriculacións de turismos (0,2% fronte a caída do 5,8% do ano anterior).



CADRO 1.3.1.

Indicadores do consumo privado en Galicia e España 2000-01: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001
Renda Familiar Bruta Dispoñible por habitante	8,9	6,7	8,4	5,8
Gasto medio por persoa	12,8	3,5	9,7	8,4
Consumo aparente de gasolina	-8,1	12,8	—	—
Importacións de bens de consumo	55,2	22,0	12,0	10,7
Tráfico aéreo de pasaxeiros	6,8	3,4	9,4	3,0
Ocupación hoteleira	-12,7	-0,2	1,2	1,0
Matriculación de turismos	-5,8	0,2	-2,5	1,3

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, AOP, Ministerio de Fomento, ICEX e Funcas

CADRO 1.3.2.

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1998-01

	Bancos	Caixas de aforros
1998 (1)	9,94	8,57
1999 (1)	9,37	8,30
2000 (1)	9,59	9,05
2001		
Xaneiro	9,57	9,11
Febreiro	9,55	9,11
Marzo	9,55	9,12
Abril	9,61	9,12
Maio	9,60	9,09
Xuño	9,61	9,09
Xullo	9,65	9,09
Agosto	9,64	9,14
Setembro	9,61	9,09
Outubro	9,61	9,07
Novembro	9,56	8,96
Decembro	9,47	8,93

(1) dato correspondente ó mes de decembro
Fonte: Banco de España

1.

Cómpre salienta-lo crecemento do consumo aparente de gasolina, que medra un 12,8% fronte ó descenso do 8,1% do ano anterior, así como a medra do 22% no caso das importación de bens de consumo (un 55% no ano 2000).

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.3.2.** reflicte, ó contrario do acontecido no ano 2000, un descenso nos tipos de xuro dos créditos ó consumo. No período comprendido entre decembro de 2000 e decembro de 2001, o descenso de 0,12 puntos tanto no caso dos bancos como no das caixas de aforros.

O crecemento do VEB tradúcese nun aumento do 6,7% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior, acadando un total de 11.739

euros no ano 2001. Tal e como reflicte o **cadro C.5.14.** (*Renda familiar bruta dispoñible (poder de compra) nas CC.AA. 2000-01*), no ano 2001 a renda familiar por habitante en Galicia acada o 97,17% do valor medio de España, o que supón unha medra de 0,8 puntos en relación ó ano anterior, no que o indicador estaba situado no 96,38% do valor medio español.

Galicia é a sétima comunidades autónoma con menor índice por habitante da RFBD. En peor situación encóntranse Andalucía, Asturias, Canarias, Castela A Mancha, Extremadura e Murcia.

É relevante a comparación dos valores da renda e da produción por habitante de Galicia coa media española. A produción por habitante galega representa o 84,43% do

CADRO 1.3.3.

Nivel económico dos municipios e poboación ⁽¹⁾: **distribución segundo intervalos de RFBD/hab.** ⁽²⁾

		Intervalos de RFBD/hab.			Total
		6.975 7.800	7.800 8.275	8.275 9.125	
		(en €)			
A Coruña					
municipios	9	72	13	94	
habitantes	27.624	513.657	566.721	1.108.002	
Lugo					
municipios		27	35	62	
habitantes		72.854	289.241	362.095	
Ourense					
municipios	6	69	8	83	
habitantes	12.760	163.699	161.182	337.641	
Pontevedra					
municipios		53	8	61	
habitantes		435.519	479.998	915.517	
Galicia					
municipios	15	221	64	300	
habitantes	40.384	1.185.729	1.497.142	2.723.255	

(1) recolle os municipios con máis de 1.000 habitantes segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2001

(2) renda familiar disponible/habitante

Fonte: La Caixa, Anuario Económico de España 2002

CADRO 1.3.4.

Consumo público 2000-01: distribución segundo administracións

	2000		2001		01/00	
	Xunta (1)	Deputacións	Xunta (1)	Deputacións	Xunta	Deputacións
	(en millóns de €)				(%)	
Gastos de persoal	2.098,0	78,7	2.211,1	83,9	5,4	6,7
Gastos en bens correntes e servizos	776,7	60,3	843,3	57,3	8,6	-4,9

(1) datos a partir dos presupostos consolidados

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Xunta de Galicia

valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 97,17%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 16,74 puntos.

Atendendo á relación entre o nivel económico –índice da renda familiar dispoñible por habitante– e o número de municipios e a poboación, o **cadro 1.3.3.** reflicte que a maior parte dos concellos galegos encádranse nun intervalo de renda comprendido entre 7.800 e 8.275 euros. Neste nivel atópanse un total de 221 municipios galegos (o 73,7% do total de municipios con máis de 1.000 habitantes) e 1.185.729 persoas (o 43,5% da poboación galega residentes neses municipios). Os 64 concellos galegos cun nivel económico entre 8.275 e 9.125 euros acollen a 1.497.142 persoas (o 55% da poboación)

O devandito **cadro 1.3.3.** reflicte tamén que 15 municipios galegos presentan unha renda familiar bruta dispoñible por habitante comprendida entre 6.975 e 7.800 euros, ascendendo a poboación residente a 40.384 persoas. Deste 15 concellos, nove atópanse na provincia de A Coruña e 6 na provincia de Ourense.

En canto ó consumo público, pódense tomar como indicadores do seu comportamento os datos recollidos nos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servizos) dos presupostos de gasto. O **cadro 1.3.4.** recolle a evolución dos mesmos e o seu nivel no ano 2001, amosando que os gastos do capítulo I aumentaron un 5,4% na Xunta e un 6,7% no caso das Deputacións, en tanto que os gastos en bens

CADRO 1.3.5.

Indicadores do investimento en Galicia e España 2000-01: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001
Consumo de cemento	7,9	10,1	11,0	9,7
Licitación oficial de tódalas AA.PP.	-23,1	32,0	24,1	8,0
Licitación oficial da Admon. autonom.	6,6	45,3	11,2	16,4
Importacións de bens de equipo	27,5	2,7	14,5	-3,7
Matriculación de vehículos de carga	-12,6	-6,3	7,1	4,3

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, ICEX, Oficemen e Seopan

CADRO 1.3.6.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos 1998-01

	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
1998	5,557	5,763	5,651
1999	4,587	4,881	4,724
2000	5,708	5,822	5,764
2001	5,597	5,926	5,760
2001			
Abril	5,814	6,241	6,025
Maio	5,757	6,099	5,926
Xuño	5,640	5,971	5,806
Xullo	5,634	5,908	5,768
Agosto	5,587	5,852	5,723
Setembro	5,480	5,772	5,627
Outubro	5,206	5,582	5,390
Novembro	5,009	5,372	5,190
Decembro	4,685	5,027	4,852

Fonte: Banco de España

correntes e servizos experimentaron unha medra do 8,6% na Xunta de Galicia fronte ó descenso do 4,9% no caso das Deputacións.

Investimento

Á hora de analiza-la evolución do investimento, hai que considera-lo comportamento de diferentes indicadores. Por unha banda, o **cadro 1.3.5.** amosa o aumento dun 32% na licitación pública oficial por data de apertura de tódalas administracións públicas (78,7% no caso da obra civil e 8,5% no caso do total edificación), sendo a medra do 45,3% no caso da licitación oficial da administración autonómica no ano 2001 (a obra civil un 25,8% e do 73,2% no caso do total edificación).

O consumo de cemento medra no ano 2001 un 10,1%, 2,2 puntos por riba do que o fixo no ano 2000 (7,9%).

Polo que respecta ó investimento en bens de equipo, as matriculacións de vehícu-

los de carga caeron un 6,3% respecto ó ano anterior (-12,6% no ano anterior), mentres que a importación de bens de equipamento, despois do importante crecemento de 2000, ralentiza o seu crecemento no ano 2001, ó experimentar un aumento do 2,7% respecto ó ano anterior.

Outra variable que permite comprende-la evolución do investimento é a caída dos tipos medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.3.6.** reflicte cómo para o conxunto de entidades, fronte á medra dun punto experimentada no ano 2000 (1,04 puntos), o tipo medio dos préstamos no período comprendido entre decembro de 2000 e 2001 permanece practicamente constante (descendeu catro centésimas).

No conxunto das empresas analizadas por Ardán, no ano 2000 constátase unha medra, respecto ó ano anterior, da relación carga financeira/ingresos e do coeficiente de endebedamento, tal e como reflicten os

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2000-01 distribución segundo países de orixe

	Galicia			España		
	2000 (en miles de €)	2001 (en miles de €)	01/00 (%)	2000 (en miles de €)	2001 (en miles de €)	01/00 (%)
Países OCDE						
Países UE						
Francia	24.495	538.076	63,1	37.718.642	33.163.497	68,8
Béxica	201	123.490	0,5	3.540.621	4.348.968	9,0
Países Baixos	100	-	0,3	393.552	241.248	0,5
Alemaña	20.298	55.826	52,3	9.721.075	6.976.375	14,5
Italia	-	1.224	-	1.504.913	1.007.277	2,1
Reino Unido	2.442	344.284	6,3	532.855	1.023.636	2,1
Irlanda	-	60	-	20.852	16.527	0,0
Dinamarca	1.262	-	3,2	223.338	50.194	0,1
Portugal	192	13.392	0,5	3.013.526	10.290.528	21,4
Suecia	-	-	-	398.861	582.329	1,2
Luxemburgo	-	-	-	2.098.714	4.683.560	9,7
Grecia	-	-	-	2.202	12.457	0,0
Finlandia	-	-	-	32.821	2.315	0,0
Austria	-	-	-	13.549	51.862	0,1
Resto países OCDE						
Islandia	2	-	0,0	25.018	7	0,0
Noruega	-	-	-	5.468	4.263	0,0
Suíza	2.063	30	5,3	856.205	165.991	0,3
Turquía	-	-	-	1.466	257	0,0
Estados Unidos	93	4.743	0,2	27.253.518	8.244.646	17,1
Canadá	-	-	-	16.080	3.351.102	7,0
Xapón	-	-	-	24.539	28.090	0,1
Australia	-	-	-	587	5.250	0,0
Nova Zelandia	-	-	-	3	228	0,0
Outros países europeos	5	44	0,0	6.856	7.192	0,0
Paraísos fiscales	2.013	3.679	5,2	683.387	1.220.217	2,5
Países africanos	-	-	-	30.420	20.440	0,0
Centroamérica e Caribe	7.233	189	18,6	116.112	70.589	0,1
Sudamérica	2.942	4.473	7,6	201.125	1.845.425	3,8
Países asiáticos (agás Xapón)	-	-	-	45.820	60.872	0,1
Resto de países	-	-	-	3.573	159	0,0
Total	38.846	551.234	100	66.988.819	48.188.225	100
						-28,1

Fonte: Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores, Ministerio de Economía y Hacienda

CADRO 1.3.8.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2000-01: distribución sectorial

	Galicia			España			G/E	
	2000	2001	2001	2000	2001	2000	2000	2001
	(en miles de €)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(%)
Agricultura, ganadería, pesca	13.020	33,5	0,6	63.195	0,1	0,1	60.565	0,1
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	2.963	7,6	0,1	294.445	0,4	0,4	154.021	0,3
Ind. extract., ref. petróleo	12	0,0	0,0	40.318	0,1	0,1	19.091	0,0
Alimentación, bebidas e tabaco	65	0,2	0,0	1.778.442	2,7	2,7	562.570	1,2
Ind. textil e confección	-	-	0,0	242.698	0,4	0,4	96.114	0,2
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	0,4	702.112	1,0	1,0	579.993	1,2
Ind. química	-	-	1,8	1.740.502	2,6	2,6	1.146.349	2,4
Otras manufacturas	6.882	17,7	22,5	2.630.384	3,9	3,9	3.752.651	7,8
Construcción	700	1,8	0,0	116.222	0,2	0,2	148.649	0,3
Comercio	2.853	7,3	0,3	2.345.734	3,5	3,5	1.251.719	2,6
Hostalería	6.893	17,7	0,0	190.221	0,3	0,3	865.667	1,8
Transporte e comunicacións	1.095	2,8	0,0	15.516.569	23,2	23,2	4.023.767	8,4
Intermediación financeira, banca e seguro	271	0,7	62,4	3.430.193	5,1	5,1	2.532.188	5,3
Actividades inmobiliarias e servizos	3.753	9,7	11,9	3.496.614	5,2	5,2	2.146.139	4,5
Xestión de sociedades e tenencia valores	-	-	-	33.733.944	50,4	50,4	30.183.994	62,6
Otros	338	0,9	0,0	667.227	1,0	1,0	664.749	1,4
Total	38.845	100	100	66.988.820	100	100	48.188.226	100
								0,1
								1,1

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

1.

cadros C.3.6. (*Empresa galega 1999-00: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*) e **C.3.8.** (*Empresa galega 1999-00: rendibilidade e magnitudes asociadas*).

• **Investimento estranxeiro**

O fluxo de investimento estranxeiro bruto en empresas galegas acadou no ano 2001 un valor de 551,2 millóns de euros (o 1,1% do total estatal), o que significa que se produciu un crecemento do 1.139% respecto o ano anterior (unha diferenza de 512,4 millóns de euros). Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é unha das 8 comunidades que rexistran unha medra do investimento estranxeiro, sendo a segunda comunidade co maior incremento en termos absolutos por detrás da C. Valenciana, que rexistrou unha medra de 592,9 millóns de euros (**cadro C.1.4.: Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas 2000-01: distribución segundo CC.AA.**).

Unha análise xeográfica deste fluxo de investimento reflicte, **cadro 1.3.7.**, que no ano 2001 o 97,6% procede da UE (538,1 millóns de euros), onde salientan, por riba dos demais países, o investimento do Reino Unido, que ascende a 344,3 millóns de euros (o 64% do total investido pola UE) e o investimento procedente de Francia, con 123,5 millóns de euros (o 23% do total europeo).

Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o forte crecemento do investimento estranxeiro procedente dos distintos países da UE, que medra en máis de cincocentos millóns de euros respecto ó ano 2000. No caso do Reino Unido este aumento foi duns 340 millóns de euros, e no de Francia, a medra foi de máis de 120 millóns de euros.

Atendendo á distribución dos investimentos estranxeiros por ramas de actividade, apréciase unha concentración nos subsectores de intermediación financeira, banca e seguros, e no de outras manufacturas (correspón-

dese basicamente co investimento na actividade de fabricación de vehículos de motor e compoñentes) que acollen o 62,4% e o 22,5% do total investido nas empresas galegas, respectivamente. Atendendo á súa importancia relativa no total estatal, o **cadro 1.3.8.** amosa que o investimento directo estranxeiro no sector primario galego representa o 5,2% do total investido neste sector en España (o 20,6% no ano anterior). No caso da intermediación financeira, banca e seguros esta porcentaxe é do 13,6%, e no caso de outras manufacturas este peso relativo ascende ó 3,3%.

Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006

Os Fondos Estructurais da UE teñen, como obxectivo nº 1, promove-lo desenvolvemento e o axuste estrutural das rexións europeas (NUTS) menos desenvolvidas (NUTS II, que teñen un PIB per cápita inferior ó 75% da media comunitaria). Galicia é unha NUTS II, obxectivo nº1 da UE.

Os documentos de programación, necesarios para acceder o Fondos Estructurais do obxectivo nº 1, son o Plan de Desenvolvemento Rexional 2000-2006 para as rexións obxectivo nº 1, presentado por España; o Marco de de Apoio Comunitario, que formaliza o compromiso comunitario con respecto os recursos asignados a España; e os Programas Operativos aprobados pola Comisión. O total de recursos programados ascenden a 39.548 millóns de euros. Galicia participa nun 13,7% de ditos recursos (5.408 millóns de euros). O 4,16% adicional, en concepto de “reserva de eficacia” (1.645 millóns de euros), asígnase en función dunha serie limitada de indicadores de seguimento de eficacia, de xestión e de execución financeira.

O Programa Operativo Integrado (POI) de Galicia 2000-2006 foi aprobado o 7 de marzo de 2001 e o Complemento de Programa do POI de Galicia 2000-2006 foi aprobado o 20 de xuño de 2001. O POI de Galicia





CADRO 1.3.9.

Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006: relación entre eixes, medidas e fondos

Eixe	Medida	Denominación medida	Fondos estruturais
1	1.1	Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	FEDER
1	1.2	Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas	FEOGA-O
1	1.3	Provisión e adecuación de espazos productivos de servizos ás empresas	FEDER
1	1.6	Apoio á internacionalización e promoción exterior	FEDER
1	1.7	Promoción do capital organizativo das empresas	FEDER
1	1.8	Favorece-la xeración de nova actividade que permita a creación de emprego	FSE
2	2.1	Apoia-la inversión en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecimentos cara o sector productivo	FSE
2	2.2	Proxectos de investigación, innovación desenvolvemento tecnolóxico	FEDER
2	2.3	Equipamento científico-tecnolóxico	FEDER
2	2.5	Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	FEDER
2	2.6	Grandes instalacións	FEDER
2	2.7	Sociedade da información	FEDER
3	3.1	Abastecimento de augas á poboación e ás actividades económicas	FEDER
3	3.2	Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización de auga	FEDER
3	3.3	Saneamento e depuración das augas residuais	FEDER
3	3.4	Xestión integral dos residuos urbanos e industriais	FEDER
3	3.5	Actuacións en costa	FEDER
3	3.6	Protección e rexeneración do entorno natural	FEDER
3	3.7	Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental	FEDER
3	3.8	Rexeneración de solos e espazos	FEDER
3	3.9	Silvicultura	FEOGA-O
3	3.10	Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e da economía agraria	FEOGA-O
41	41.1	Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación	FEDER
41	41.12	Fomenta-lo acceso de todos/as ás ensinanzas de formación profesional e a súa extensión	FSE
41	41.13	Desenvolver novas modalidades de Formación Profesional	FSE
41	41.14	Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas	FSE
41	41.15	Proporcionar alternativas educativas enfocadas ó mercado de traballo ás persoas que non superan a ensinanza obrigatoria	FSE
42	42.6	Ofrecer ós desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral	FSE
42	42.7	Combati-lo paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de larga duración	FSE
42	42.8	Ofrecer vías de inserción profesional ós xoves	FSE
43	43.2	Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores	FSE
43	43.3	Soste-la consolidación do emprego existente	FSE
44	44.10	Apoia-la inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral	FSE
44	44.11	Propoñer oportunidades de integración ós colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo	FSE
45	45.16	Mellora da empregabilidade das mulleres	FSE
45	45.17	Fomenta-la actividade empresarial das mulleres	FSE
45	45.18	Combati-la segregación horizontal	FSE
5	5.1	Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	FEDER
5	5.2	Mellora dos sistemas de transporte urbano	FEDER
5	5.3	Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes	FEDER
5	5.6	Apoio ás iniciativas locais de emprego	FSE
5	5.7	Infraestruturas turísticas e culturais	FEDER
5	5.8	Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural	FEDER
5	5.9	Infraestruturas, equipamentos sociais e sanitarios	FEDER
6	6.1	Estradas e autovías	FEDER
6	6.2	Autoestradas	FEDER
6	6.3	Ferrocarrís	FEDER
6	6.4	Portos	FEDER
6	6.5	Aeroportos	FEDER
6	6.6	Sistemas de transporte multimodais e centros de transporte	FEDER
6	6.8	Redes de distribución de enerxía	FEDER
6	6.9	Enerxías renovables, eficacia e aforro enerx., agás actuacións contempladas na medida 6.10	FEDER
7	7.2	Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio	FEOGA-O
7	7.5	Desenvolvemento endógeno de zonas rurais relativo ás actividades agrarias	FEOGA-O
7	7.7	Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non quedan cubertos nos programas do F.S.E.	FEOGA-O
7	7.8	Prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñería financeira	FEOGA-O
9	9.1	Asistencia técnica	FEDER
9	9.2	Asistencia técnica	FSE
9	9.3	Asistencia técnica	FEOGA-O

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

2000-2006 é un programa plurifondo cofinanciado, en termos de axuda comunitaria, por tres fondos estruturais: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (68,10%), Fondo Social Europeo (FSE) (11,43%) e Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola – Orientación (FEOGA-O) (20,47%). O total programado para o dito período ascende ós 5.087 millóns de euros. A axuda comunitaria é do 67,5% (3.430 millóns de euros).

O POI de Galicia 2000-2006, xestionado por 89 órganos executores da Xunta de Galicia e 13 órganos executores da Administracións Xeral do Estado, desenvólvese nos 12 eixes prioritarios e medidas recollidos no **cadro 1.3.9.**

A execución do gasto público do POI de Galicia 2000-2006, a 31 de decembro de 2001, foi de 652 millóns de euros, un 45% do programado para o período 2000-2001. O

CADRO 1.3.10.

Marco de apoio comunitario do obxectivo 1: grao de execución do gasto público por medidas a 31/12/2001. Programa Operativo Integrado de Galicia (tódalas Administracións Públicas)

	Total programado 2000-2001	Total executado a 31/12/2001	Executado / Programado
	(en miles de €)		(%)
Eixe 1- Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo	129.433,6	29.169,0	22,5
Eixe 2- Sociedade do coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información)	45.330,0	37.068,5	81,8
Eixe 3- Medio ambiente, entorno natural e recursos hídricos	238.106,7	102.868,5	43,2
Eixe 41- Reforzo da educación técnico-profesional	99.726,8	91.647,2	91,9
Eixe 42- Inserción e reinserción ocupacional dos desempregados	39.499,0	32.588,7	82,5
Eixe 43- Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores	16.737,4	13.120,2	78,4
Eixe 44- Integración no mercado de traballo das persoas con especiais dificultades	7.108,2	2.940,9	41,4
Eixe 45- Participación das mulleres no mercado de traballo	5.964,6	1.689,1	28,3
Eixe 5- Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	98.808,0	58.961,3	59,7
Eixe 6- Redes de transporte e enerxía	628.599,9	230.793,3	36,7
Eixe 7- Agricultura e desenvolvemento rural	138.382,1	50.708,8	36,6
Eixe 9- Asistencia técnica	3.289,9	292,5	8,9
Total	1.450.986,0	651.848,1	44,9

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

CADRO 1.3.11.

Programa operativo Galicia: execución de indicadores de eficacia a 31/12/2001

Código	Descrición	Medida	Previsto a 31/12/2002	Executado a 31/12/2001	Executado/ Previsto
					(%)
4001	Empregos creados e/ou mantidos	(nº)	4.400	568	12,9
4002	Inversión privada inducida	(€)	426.000.000	157.194.990	36,9
4003	Mulleres beneficiarias sobre o total de beneficiarios	(%)	50,4	61,9	122,8
4004	Proxectos de I+D+I cofinanciados	(nº)	600	401	66,8
4006	Conduccións de auga e/ou mellorada (km. contratados)	(en Km.)	30	107	356,7
4008	Superficie beneficiada por actuacións de restauración, prevención, protección eu rexeneración	(en Ha.)	169	-	-
4009	Centros creados, renovados ou equipados	(nº)	100	40	40,0
4010	Beneficiarios colectivos con dificultades de inserción sobre o total de beneficiarios	(%)	3,17	0,89	28,1
4012	Estradas e autovías novas e/ou melloradas (km. contratados)	(en Km.)	40	154	385,0
4019	Habitantes equivalentes conectados a depuradoras segundo a Directiva	(Habitantes equivalentes)	45.126	105.399	233,6
4037	Dragado	(en m ³)	430.000	442.503	102,9
4038	Rede de transporte de enerxía construída	(en Km.)	281	115	40,9
4039	Posicións de subestación construída e/ou mellorada	(nº)	10	8	80,0
4040	Superficie afectada en reparcelación de terras	(en Ha.)	35.000	57.199	163,4
4041	Explotacións beneficiadas/controladas	(nº)	22.000	233.534	1.061,5
4042	Renovación e/ou modernización de ferrocarril (km. Contratados)	(en Km.)	72,5	117,5	162,1
4043	Superficie acondicionada	(en m ²)	250.000	361.221	144,5
4044	Investigadores implicados	(nº)	3.500	1.470	42,0
4045	Fogares conectados a internet	(nº)	20.000	47.000	235,0
4046	Superficie forestal mellorada en estado san ós tres anos	(en Ha.)	10.000	11.546	115,5
4047	Superficie conservada e/ou rehabilitada	(en Ha.)	300.000	572.856	191,0
4051	Poboación beneficiada directamente	(nº)	200.000	1.881.000	940,5

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

reducido grado de execución débese a dous motivos: por unha banda, ó desfase entre a elaboración e a aprobación do POI de Galicia 2000-2006 respecto ó inicio do período de elixibilidade dos gastos (1 de xaneiro de 2001). Por outra banda, a que os procedementos de asignación, ó principio do período, das porcentaxes de cada anualidade en comparación co total executado, que débese corresponder co total do gasto subvencionable efectivamente pagado e certificado, desvirtúan o grado de execución ó inicio da intervención (**cadro 1.3.10.**).

Os obxectivos establecidos inicialmente como criterios de eficacia para la asignación da “reserva de eficacia, tiveron o comportamento que se recolle no **cadro 1.3.11.**

Nas anualidades do 2000 e do 2001 non se presentou ningún formulario de “gran proxecto”, estando prevista a presentación dos seguintes:

- Ampliación do Porto de Ferrol
- Plataforma loxística das Neves
- Proxecto ferroviario Santiago-Oroso. ■

1.

